

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúne no Pazo provincial ás 12:25 h do día 24 de xaneiro de 2025, baixo a presidencia de, **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D. JAVIER TOURÍS ROMERO**, en substitución de D.^ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, **D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA, D.^ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D.^ª MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ, D.^ª DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.^ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D.^ª MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 20 de decembro de 2024.

2.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS BASES DO PROGRAMA DE VISITAS ESCOLARES “ROSALÍA, A SÚA CASIÑA, O MEU LAR” Á CASA-MUSEO DE ROSALÍA DE CASTRO PARA O ANO 2025 (EXPTE. 2024067365)

O presidente dá conta das bases do programa educativo de visitas escolares “Rosalía, a súa casiña, o meu lar” á Casa-Museo de Rosalía de Castro, aprobadas por Resolución Presidencial publicada no BOPPO núm. 7, de 13 de xaneiro de 2025, e que teñen por obxecto definir o conxunto de condicións e proceso que se seguirá para a concesión de 40 visitas guiadas á Casa de Rosalía para os centros escolares sostidos con fondos públicos da provincia de Pontevedra. A Deputación de Pontevedra financiará este programa coa dotación establecida na aplicación 25/334.3340.22799 do Orzamento provincial para o 2025, por un importe de 31.500,00 euros.

Os centros educativos deberán concertar previamente a visita co Departamento de Educación da Casa-Museo de Rosalía de Castro e presentar a solicitude na sede electrónica da Deputación no prazo de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOPPO e na BDNS. Seguindo a estrita orde de entrada na sede electrónica, o servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos da Deputación de Pontevedra comunicarlles aos centros a realización da visita e a autorización do gasto de traslado á Casa-Museo de Rosalía de Castro.

3.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 12:30 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

